

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A AGRUPACIÓN CONSTITUÍDA POLAS ENTIDADES FUNDACIÓN ALDABA, FAIBEN FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR, MANAIA ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, INSPECTORÍA MARÍA AUXILIADORA E A ASOCIACIÓN CASA DE FAMILIA SANTA JOAQUINA DE VEDRUNA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA", NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa agrupación formada polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 27.23 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención, á agrupación constituída polas entidades Fundación Aldaba, Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, para o desenvolvemento do Programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA" mediante o cal se lles facilita aos nenos, nenas e adolescentes un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto posibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar e que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal á vez que amplíe a súa rede relacional.

As entidades beneficiarias comprométese na realización dos seguintes eixos de actuación:

- Identificación de nenas, nenos e adolescentes susceptibles de participar no programa
- Difusión, sensibilización e captación de familias
- Formación a familias
- Ofrecemento das familias
- Valoración inicial de familias colaboradoras
- Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a
- Experiencias familiares de referencia



- Supervisión externa

Por outra banda, as entidades tamén se comprometen ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

Obxectivo xeral

Mellorar a vivencia da vida familiar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial a través de experiencias familiares de referencia.

Obxectivos específicos

OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectoras para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.

OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.

OE3. Mellorar a adquisición e a práctica de habilidades de convivencia en familia dos nenos, nenas e adolescentes.

OE4. Propor a incorporación de familias colaboradoras para a súa valoración e inclusión, no seu caso, ao banco de familias acolledoras.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade e a agrupación formada polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba, comprometidas institucionalmente coa xuventude, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer a proxectos como o que se describe.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.



A execución material do programa materialízase anualmente ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa agrupación formada polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba, as cales achegarán ao programa a súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

As entidades Fundación Aldaba, Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna asinaron con data 26 de abril de 2024 en Vigo un convenio de colaboración constituíndose como agrupación para a posta en marcha en común dunha nova iniciativa do *Programa de Experiencias Familiares de Referencia, en Familia en 2024* co obxectivo de enmarcar e coordinar a colaboración das cinco entidades a fin de sumar os seus esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns.

Estas entidades participan coas súas iniciativas no sistema de protección á infancia e á adolescencia de Galicia, e conforman a agrupación que desenvolve o devandito programa para o presente ano.

Fundación Aldaba, desenvolve as funcións de "socio coordinador" como se estipula na cláusula segunda do convenio asinado con data 26 de abril de 2024 en Vigo polas cinco entidades.

A Fundación Aldaba atópase inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1669-1, é unha fundación sen ánimo de lucro que dende o 1999 se encarga de axudar, protexer e coidar aos máis vulnerables. Inscrita no Rexistro de Fundacións de Interés Galego co nº1/2010, encontrase en Madrid, Galicia e Baleares.

Nos estatutos da fundación no artigo 5 constan como fins entre outros:

- A atención a persoas menores de idade e adolescentes para protexer e defender os seus dereitos, desenvolver as súas capacidades, facilitar a súa integración social, así como a transición a unha vida adulta independente.
- Atención e apoio a mozos extutelados ou en risco de exclusión na súa transición cara á emancipación e a unha vida adulta independente.

En Galicia conta coa Casa de Familia Aldaba de Vilagarcía e o Centro de Menores O Seixo desenvolvendo o programa de Intervención en Réxime de Acollemento Residencial e de Atención de Día.

Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-5197, é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego comprometida coa infancia e a adolescencia en situación de risco e desprotección.

Nos estatutos da fundación, elevados a público o 13/05/2008 en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. Marcelino Estévez Fernández co número 1.075 do seu protocolo, consta no seu artigo 6 que o obxecto desta Fundación é a promoción de calquera tipo de iniciativa encamiñada ao desenvolvemento positivo da infancia e da mocidade, co propósito de ofrecer a ámbalas dúas unha asistencia integral, mostrando especial preferencia por aqueles nenos e mozos desprovistos de atención familiar e/ou risco de exclusión social.

Conta con tres Casas de Familia desde as que, a través dun modelo de convivencia familiar e normalizado, se traballa polo dereito dos nenos, nenas e adolescentes a ser membros dunha



familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade. Ademais, promove outros programas e servizos que apoien e acompañen os procesos dos nenos, nenas e adolescentes na construción dos seus propios proxectos de vida. Dende o ano 2014 conta, en colaboración coa Xunta de Galicia, cun programa de formación para familias que xa dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

Manaia Asociación Galega de Adopción e Acollemento, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída como entidade de natureza asociativa e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable.

Nos estatutos da fundación, consta no seu artigo 5 que os fins principais da asociación son:

- Fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional, e o acollemento.
- Facilitar ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento.
- Colaborar coas administracións públicas para facilitalos procesos de adopción e acollemento.

MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, vén desenvolvendo un "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Inspectoría María Auxiliadora foi constituída como entidade de natureza relixiosa, como consta na escritura pública outorgada en Sevilla o 1 de setembro de 2017, e está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6807. Destaca a labor que desenvolve a través das súas plataformas sociais e diversas presenzas sociais distribuídas en todo o país: fundacións sociais, programas de inserción laboral, inmigrantes, centros de menores...

A Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, entidade de natureza asociativa constituída mediante escritura fundacional o 1 de xuño de 1995, e inscrita no Rexistro de Asociacións co número 1995/003559-1 (PO), está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-7358. Esta asociación foi constituída coa finalidade de acoller a un grupo de nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda, e ofrecerlles unha asistencia integral, dentro dunha estrutura de vida familiar.

Considérase polo tanto idóneas as citadas entidades pola súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

As entidades convenientes teñen obxectivos comúns e/ou complementarios en áreas de intervención socioeducativa con nenas e nenos en situación de desprotección. Suman esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns. O proxecto conxunto das catro entidades pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024 e efectos dende o 1 de xaneiro de 2024 abranguendo as accións obxecto deste



convenio que se realicen polas entidades desde a antedita data.

De acordo co carácter de socio coordinador e responsable da xustificación, os pagos aboaranse á “Fundación Aldaba”. A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución en 2024 do programa a subvencionar a través deste convenio cunha contía global de 187.812,21 € con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do PRTR – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

De acordo co artigo 69 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa, ao non ter unha obriga de gasto superior a 300.000 € o acordo de convenio de colaboración non deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

